

INFORMACIÓN FONDO DE LIBROS, AXUDAS DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR PARA O CURSO 2022/23

ORDE do 29 de abril de 2022 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2022/2023 (código de procedemento ED330B) (Diario Oficial de Galicia do 18 de maio de 2022).

- A solicitude poderá recollerse no centro educativo, descargala da páxina edu.xunta.es ou poñendo no buscador “procedemento ED330B”.
- O lugar de presentación será preferentemente por vía electrónica mediante a aplicación fondolibros, presencialmente nos centros docentes ou en calquera rexistro establecido na normativa.
- O prazo será do 20 de maio ao 22 de xuño de 2022.
- A solicitude será única para todos os fillos e todas as axudas, indicando o nivel de estudos de cada un deles (sempre que todos os fillos cursen os estudos no mesmo centro en caso contrario deberá entregarse a solicitude nos dous centros).
- Documentación a entregar:
 - **Solicitude por duplicado**, debidamente cuberta e asinada.
 - Copia e orixinal do libro de familia onde figuren os membros da unidade familiar.
 - No caso de discapacidade, documentación acreditativa.
 - No caso de separación ou divorcio, sentenza e convenio regulador...

AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO:

- Están destinadas ao alumnado matriculado en 1º e 2º de Ed. Primaria. A contía para adquirir libros de texto, é a seguinte:
 - Alumnado con renda per cápita igual ou inferior a 6.000€: 210€
 - Alumnado con renda per cápita superior a 6.000€ e igual ou inferior a 10.000€: 140€
- A aplicación xerará un vale que será entregado á familia para adquirir os libros de texto no establecemento da súa elección asinándoo no momento da recepción do material. Se o importe da venda fose superior ao do vale, a diferenza será aboada polo solicitante.

AXUDAS PARA ADQUIRIR MATERIAL ESCOLAR:

- Están destinadas para alumnado de Ed. Primaria. (De 1º a 6º)
- A contía para adquirir material escolar que será concedida ao alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000€ será de 50€.
- A aplicación xerará un vale que será entregado á familia para adquirir os material escolar no establecemento da súa elección, asinándoo no momento da recepción do material. Se o importe da venda fose superior ao do vale, a diferenza será aboada polo solicitante.